

ORDENANZA FISCAL Nº 27, REGULADORA DE LA TASA POR RECOGIDA Y RETIRADA DE VEHÍCULOS DE LA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO 1.-NORMAS XERAIS

Artigo 1. Natureza e fundamento.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 26 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e do disposto nos artigos 38, 70 e 71 do RDL 339/1990, o Concello de Ortigueira establece a taxa por recollida e retirada de vehículos da vía pública, que se rexerá por esta Ordenanza fiscal, aténdose ás normas ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1998.

Artigo 2. Feito imponible.

1.-Constitúe o feito imponible desta taxa a retirada, traslado e depósito de vehículos, nas seguintes circunstancias:

a) Por requirimento das autoridades xudiciais ou administrativas.

b) Cando, inmovilizado un vehículo por axentes de Tráfico e polos motivos sinalados no parágrafo 1 do artigo 292 do Código de circulación ou normas que o substitúan, transcorran máis de 48 horas sen que o conductor ou o propietario corrixan as deficiencias ou retiren o vehículo.

c) Vehículos abandonados na vía pública ou terreos adxacentes.

d) Nos supostos previstos nos artigos 19.2, 20 e 21 da Ordenanza reguladora de tráfico e circulación de vehículos do Concello de Ortigueira e no artigo 71 da Lei sobre o tráfico e seguridade vial.

2.-O feito imponible tamén está constituído pola inmovilización por medio dun procedemento mecánico que impida a circulación dos vehículos estacionados de forma irregular sen perturbar gravemente a circulación, así coma cando proceda a dita inmovilización de conformidade co previsto no artigo 19.1 da Ordenanza reguladora de tráfico e circulación de vehículos do Concello de Ortigueira.

Artigo 3. Obrigación de contribuír:

1.-A obrigación de contribuír baséase na actividade municipal de prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 2), motivados directa ou indirectamente pola actuación ou a conduta negligente dos conductores, titulares ou propietarios dos vehículos prevista no Código da circulación e disposicións complementarias.

2.-Os devanditos servizos poderán ser prestados directamente pola Entidade local o mediante concesión a unha empresa privada, neste caso rexeráse polas normas contidas no prego de

condicións que regule a concesión, pola Ordenanza reguladora de tráfico e circulación de vehículos, pola presente Ordenanza fiscal e polas demais normas que sexan de aplicación.

Artigo 4. Suxeito pasivo.

1.-Os titulares administrativos ou propietarios dos vehículos en situación de abandono, de se tratar de servizos de retirada, transporte, depósito e custodia.

2.-Os condutores dos vehículos e subsidiariamente os seus titulares; de se tratar de servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia, por estacionamento defectuoso ou abusivo na vía pública.

Artigo 5. Período impositivo.

A obrigaón de contribuír nace no momento en que se preste ou se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo neste último caso da redución da cota establecida no artigo 8, cando o condutor, titular ou encargado se faga cargo do vehículo e proceda a retiralo pola súa conta.

Salvo as exencións previstas nesta ordenanza, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada ou inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá abonalos ou garanti-lo seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo de dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dera lugar a retirada.

Artigo 6. Base imponible.

A base imponible das taxas reguladas na presente Ordenanza está constituída polo resultado de aplica-los tipos de gravame establecidos na tarifa á clase de servizo prestado, tendo en conta a súa duración.

A Base liquidable coincidirá coa imponible, salvo nos supostos en que sexa de aplicación a redución prevista na presente Ordenanza.

Artigo 7. Tarifas.

1.-Os dereitos esixibles fíxanse na seguinte contía:

	Euros
a) Pola retirada de ciclomotores, motocicletas e triciclos	41,93
b) Pola retirada de motocarros e demais vehículos de características análogas	25,81
c) Pola retirada de automóviles de turismo e polas camionetas furgonetas e demais vehículos de características análogas con tonelaxe ata 1.000 k	41,93
d) Pola retiradas de camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas, furgóns e demais vehículos de características análogas con tonelaxe superior a 1.000 k e sen rebasa-los 5.000 k	51,62
e) sinaladas no epígrafe anterior (d), incrementadas en 6,77 € por cada 1.000 k ou fracción que exceda de 5.000 k.	

- f) Nos percorridos fóra do casco urbano, sobre a cantidade fixada anteriormente, por cada km percorrido 0,79

2.–As cotas resultantes dos conceptos anteriores incrementaranse nun 50 por 100 cando os servizos que as motivan, teñan lugar das 20.00 horas ás 8.00 horas.

3.–As tarifas anteriores reduciranse nun 25% se o conductor ou persoa autorizada comparece antes de efectuarse o traslado, aínda que o vehículo estea enganchado ó guindastre ou sobre a plataforma, pero non haberá lugar si xa se iniciase o traslado.

4.–A tarifa prevista no apartado 1 completárase coas cotas correspondentes ó depósito e garda dos vehículos dende a súa recollida, coas seguintes contías diarias:

	Euros
a) Ciclomotores, motocicletas e triciclos	7,12
b) Motocarros e demais vehículos de características análogas	7,12
c) Automóbiles de turismo e polas camionetas furgonetas e demais vehículos de características análogos con tonelaxe ata 1000 k	7,12
d) Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas, furgóns e demais vehículos de características análogas con tonelaxe superior a 1.000 k e sen rebasa-los 5.000 k	9,05
e) Toda clase de vehículos con tonelaxe superior a 5.000 k	10,34

5.–A taxa por inmovilización de vehículos será de 25,81 €.

CAPÍTULO II.-NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8.

1.-Os servizos que regula a presente Ordenanza poderá ser efectuado directamente pola entidade local o ben mediante concesión a empresa privada.

2.-Independentemente da forma de xestión do servizo, a orde de retirada do vehículo deberase efectuar polos axentes da Policía local e o procedemento hase adecuar ó Código de circulación e demais normas e disposición regulamentarias ou que o substitúan.

Artigo 9.

1.-Realizado o traslado do automóbil ó depósito municipal, o seu titular será requirido para que no prazo de un mes pague a taxa e recolla o vehículo.

2.-O importe da taxa será liquidado e notificado ao interesado cando compareza a recoller o vehículo.

Artigo 10.

Non serán devoltos aos seus propietarios os vehículos que fosen obxecto de recollida sen facer antes o pagamento do importe de taxas correspondentes, que é independente das sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación ou policía municipal.

Artigo 11.

Transcorrido o prazo a que se refire o artigo 9 sen que o titular se fixese cargo do vehículo e pagase as taxas orixinadas, procederá ó cobro por vía de constrinximento. Para este efecto, o vehículo obxecto de depósito terá a condición de ben embargable, que poderá ser vendido en subhasta, previo a tramitación do expediente regulamentario.

Artigo 12.

Cando os titulares dos vehículos depositados ou os seus domicilios fosen descoñecidos, as notificacións regulamentarias faranse mediante publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 13.

Dos danos que puidesen causarse ós vehículos, ben durante o seu arrastre ou durante o tempo do depósito, e sempre que se deduza responsabilidade fehaciente, serán indemnizados pola entidade local ou no seu caso pola empresa concesionaria do servicio. En calquera caso levantarase constancia fotográfica dos desperfectos visibles que puidesen ter cada vehículo.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.